

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Maio 2008

NOTA DE PRENSA

En maio de 2008 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia creceron en termos interanuais un 4,1% e un 5,2%, respectivamente

Segundo os datos da operación "Índices de valor unitario para o comercio exterior", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 4,1% en maio de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 5,2%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 2,2% e os dos importados un 8,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do 13,3%, do 2,7% para os bens de consumo e do -0,7% para os bens de equipo.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios aumentaron con respecto a maio de 2007 un 9,4%. Pola contra, os prezos dos bens de consumo e de equipo diminuíron un 2,3% e 15,6%, respectivamente.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	4,1	2,2	ÍNDICE XERAL	5,2	8,1
Bens de consumo	-0,7	1,0	Bens de consumo	-2,3	-0,5
Bens de equipo	2,7	-3,7	Bens de equipo	-15,6	-3,5
Bens intermedios	13,3	5,9	Bens intermedios	9,4	12,8

FONTE: IGE Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, hai un incremento interanual do 3,8% nos prezos de bens con destino a OCDE e dun 6,1% para os bens con destino ao resto de países non pertencentes á OCDE.

Por orixe dos bens importados, o maior crecemento de prezos (14,5%) rexistrárono os bens procedentes de países non pertencentes a OCDE. Os prezos dos bens con orixe en países pertencentes á OCDE creceron un 1,5%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	1,0	1,9	UEM	0,1	2,6
UE-25	1,3	1,7	UE-25	-0,5	2,7
OCDE	3,8	2,5	OCDE	1,5	6,2
Resto de países	6,1	-1,2	Resto de países	14,5	12,4

FONTE: IGE Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>